

Texto e ilustracións: **TAEUN YOO**

Tradución: **CARLOS HERAS**

Encadernado en cartón con papel e imaxes adhesivas.

16,7x22,7 cm. 40 páxinas en color.

Dispoñible en:

-Galego: "O peixe vermello". ISBN 978-84-15250-05-0

-Castelán: "El pez rojo". ISBN 978-84-15250-04-3

Prezo: 14 €

O PEIXE VERMELLO

O avó de Ramiro era o encargado dunha biblioteca moi antiga que había no medio do bosque. Un día, Ramiro acompañou o seu avó e levou consigo o seu amigo, o peixe vermello. Era a primeira vez que o neno entraba na biblioteca e estaba abraiado por aquelas enormes salas cheas de libros. Mirou todos e cada un dos estantes e non deixou ningún currunchito sen explorar...

É posible que un peixe desapareza dentro dun libro? É posible que un neno se mergulle nun libro para salvar a un peixe? Cando un neno e un peixe entran nunha biblioteca no medio dun bosque, calquera cousa pode acontecer.

A difusa fronteira entre a realidade e a ficción está presente neste álbum de cuidada edición e fermosa proposta estética, con tonalidades ocreas a base de tintas e pluma, onde destacan as pinceladas vermellas dos elementos que centran a atención da historia. Son ilustracións estimulantes que case non precisan palabras. É, precisamente, no momento máis emocionante da aventura, cando prescinde do texto e o relato plásmase só con imaxes.

Nunha segunda lectura, "O peixe vermello" presenta a biblioteca como o templo do saber, un espazo acolledor aberto á imaxinación e á ensoñación. A nivel formal, Taeun Yoo emprega recursos cinematográficos ao combinar na mesma imaxe diversas secuencias dunha mesma escea, e desenvolve maxistralmente o efecto de facer caer o protagonista -e con el o lector- dentro do propio libro.

Este é o primeiro dos seis libros que publicou a ilustradora coreano-americana Taeun Yoo. Naceu en Corea e creceu en Seúl na casa de campo dos seus avós. Dende pequena estivo moi en contacto cos costumes do seu país. Estudou pintura coreana na Universidade do seu país natal, pero mudouse a Nova York para graduarse en Ilustración na Escola de Artes Visuais. Realizou os seus primeiros traballos para público infantil coa técnica do gravado. Actualmente reside en Nova York.



- **Temática:** a biblioteca como espazo lúdico e do saber
- **Idade recomendada:** dende 6 anos
- **Aspectos destacables:** mestura entre realidade e ficción; reivindicación das bibliotecas públicas e escolares; xogo cromático a base de tons ocre e vermello para destacar a figura principal do peixe